

BASES DO CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS NOVOS VALORES 2020

A promoción de actividades culturais, en xeral, e a das manifestacións artísticas, en particular, é un dos trazos que mellor representa a Deputación de Pontevedra ao longo da súa historia. Un dos fitos máis destacados deste labor de patrocinio é a concesión de axudas a creadoras e creadores noveis, documentadas xa na segunda metade do século XIX, desenvolvidas con criterios e formatos moi diversos ao longo do século XX e con continuidade e vixencia plena na actualidade.

Amparada nestes sólidos fundamentos, a Deputación de Pontevedra convoca o Certame de Artes Plásticas Novos Valores 2020, que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto.

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de catro bolsas, destinadas a promocionar a formación de artistas noveis.

Segunda . Persoas destinatarias.

Poderán participar neste certame todas e todas-os as-os artistas, maiores de 18 anos e menores de 35 anos na data de presentación da solicitude, das modalidades de pintura, escultura, debuxo, deseño, gravado, fotografía, cerámica e vídeo creación, entre outras, susceptibles de seren consideradas e considerados novos valores, naturais ou residentes en Galicia.

Terceira. Características das obras.

As obras que se presenten deberán ser orixinais e inéditas, polo que non se admitirán as xa expostas nas anteriores edicións deste certame ou noutras mostras, individuais ou colectivas, ou que participasen noutros concursos. De ser o caso, a obra quedará automaticamente excluída.

Só se aceptará unha obra por artista e o seu peso non poderá superar os 500 kg nin as súas dimensións máximas os 2,00 m. As obras presentaranse de forma que permitan a súa exposición directa, sen necesidade de manipulación ou complexas instalacións posteriores. Os debuxos, as pinturas e as fotografías irán sobre un soporte ríxido e sen cristal.

No apartado de audiovisuais admitiranse obras unicamente en soporte CD ou DVD e o tempo de proxección non pode exceder os 5 minutos. Os traballos seleccionados neste ámbito exhibiranse mediante unha proxección continua de todas as obras desde un reprodutor de DVD a un monitor. Se algunha autora ou autor desexase outro tipo de proxección deberá proporcionar, tanto para a selección do xurado coma para a súa exhibición, os aparellos técnicos necesarios para poder efectuala, sempre adaptados ao lugar no que se presente a obra.

Cuarta. Premios

Os premios consisten na adxudicación, entre as obras seleccionadas, de catro bolsas, cada unha por un importe de sete mil cincocentos (7.500,00) euros brutos, para que autoras e autores amplíen os seus estudos artísticos.

O xurado, de estimalo oportuno, resérvase a posibilidade de declarar estas bolsas desertas.

Quinta. Orzamento

A contía consignada para as bolsas deste Certame ascende a trinta mil (30.000,00) euros, con cargo á aplicación 20/330.3340.481.01 do Orzamento provincial.

Sexta. Procedemento e fases do certame

Haberá tres fases no procedemento: a primeira de presentación de solicitudes, unha segunda de preselección de propostas e unha terceira de presentación de obras seleccionadas.

As bases do certame publicaranse conxuntamente co seu extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e na base de datos Nacionais de Subvencións.

A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nestas bases, e só a Deputación de Pontevedra está facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación.

A institución provincial queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que poidan incurrir as persoas participantes

Sétima. Presentación de solicitudes

7.1. Presentación

Coa finalidade de garantir o anonimato dos proxectos, haberá dúas fases no procedemento: a primeira, de presentación de solicitudes e, unha vez validadas, a segunda, de presentación dos proxectos.

As persoas interesadas en participar poderán inscribirse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en formato pdf, que se deberá imprimir e asinar para a súa presentación presencial.

Cada solicitude incluírá un único código de preinscrición. Só se aceptará unha obra por artista.

7.2. Prazo de inscrición

O prazo de inscrición no Certame será desde o 7 ao 24 de xullo de 2020.

7.3. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos, elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas solicitantes
- Certificado de residencia
- Certificado de nacemento

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. Admisión, presentación e selección de propostas

8.1. Validación

Unha vez recibida a solicitude de preinscrición, de ser admitida, a persoa solicitante recibirá un correo electrónico no que se lle indicará a validación desta e o código asignado á súa obra, así como o modelo anonimizado necesario para a presentación da proposta técnica segundo o previsto no seguinte punto.

8.2. Documentación técnica

A persoa interesada deberá entregar a súa proposta técnica de obra no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra, entre o 3 e o 28 de agosto, nun sobre pechado no que se incluírá:

1. Modelo de presentación anonimizado debidamente cuberto, no que é obrigatorio que conste o código do proxecto.
2. Ata cinco (5) fotografías da obra.
3. Unha memoria da obra presentada que inclúa a ficha técnica da mesma (título, técnica, medidas, ano de realización) e a descrición da mesma, atendendo aos aspectos conceptuais, teóricos e metodolóxicos que permitan unha mellor comprensión da obra, cunha extensión máxima de 8 DIN A4 en formato pdf.
4. Dossier cos traballos desenvolvidos, que permita coñecer a súa traxectoria artística, cun máximo de 5 DIN A4 en formato pdf.

A documentación achegada deberá garantir o anonimato do autor, polo que non conterá ningunha referencia, gráfica ou textual, que permita identificar a súa autoría.

Toda a documentación que se presente en papel deberá entregarse tamén obrigatoriamente en soporte dixital (CD, USB, etc.), e deberá incluírse dentro do propio sobre.

O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra custodiará o emparellamento do código de prescrición co código xerado unha vez validada a solicitude ata que se coñeza o ditame do xurado, momento en que se realizará o dobre emparellamento de códigos e se coñecerá a autoría das obras premiadas.

8.3. Selección de propostas

Unha vez revisadas polo Museo de Pontevedra as propostas preseleccionadas, xunto coa súa documentación técnica xustificativa, convocarase ao xurado que examinará, valorará e seleccionará ata un máximo de 25 das propostas coas que se conformará a mostra Novos Valores 2020, que estará aberta ao público no Sexto edificio do Museo de Pontevedra) do 15 de outubro ao 15 de novembro de 2020.

O xurado formulará a proposta de resolución, que quedará recollida nunha acta. A resolución derivada da decisión do xurado farase pública no BOPPO e na páxina web do Museo de Pontevedra, e será comunicada mediante correo electrónico a cada unha das artistas e dos artistas seleccionados.

Novena. Presentación de obra orixinal seleccionada

9.1. Entrega

As obras seleccionadas para formar parte do Certame de Artes Plásticas Novos Valores 2020 entregaranse entre o 28 de setembro e o 2 de outubro de 2020, de 9 a 14 h, no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra.



A entrega da obra realizarase pola entrada ao Sexto edificio do Museo de Pontevedra pola rúa Serra (36002 Pontevedra), persoalmente ou a través dun medio de transporte que garanta a súa entrega.

O persoal técnico do Museo de Pontevedra revisará a obra e verificará o seu estado de conservación, podendo rexeitala no caso de observar a presenza de xilófagos ou calquera outra axente de alteración que poida comprometer a preservación da obra propia.

No momento de entrega da obra daráselles ás persoas concursantes un recibo de recepción da obra, cuxa presentación será imprescindible para a súa retirada posterior.

9.2. Custodia

A Deputación de Pontevedra, como entidade organizadora do certame, custodiará as obras recibidas pero non se responsabilizará de calquera tipo de incidencia que se puidese producir durante o seu transporte, custodia, exposición ou devolución. Recoméndase, xa que logo, que as autoras, autores ou persoas remitentes subscriban a correspondente póliza de seguro.

9.3. Reprodución das obras

As obras seleccionadas reproduciranse ben na páxina web do Museo de Pontevedra (www.museo.depo.gal), ben nun catálogo impreso que se editaría como complemento da exposición. En ambos os dous casos corresponderalles ás autoras e autores xestionar ou obter os permisos necesarios para esa inserción gráfica.

9.4. Envío e devolución de obra

Os gastos de envío e devolución das obras correrán por conta das persoas participantes. A súa retirada realizarase prioritariamente de maneira persoal, previa presentación do xustificante. De non facerse deste modo será responsabilidade das persoas interesadas xestionaren esta directamente.

Finalizada a exposición, e de non realizarse unha mostra itinerante, as obras terán que ser recollidas polas súas autoras ou autores nos cinco (5) días seguintes ao último no que estivesen expostas; de non o faceren entenderase que renuncian á súa propiedade e a institución provincial quedará facultada para tomar as decisións que estime oportunas sobre elas.

As persoas participantes aceptan, coa presentación dos seus proxectos a estes premios, a colaboración con esta institución nas accións de difusión que se organicen e a cesión dos dereitos de edición á Deputación.

O feito de participar neste certame supón a autorización á Deputación de Pontevedra para expoñer, reproducir ou publicar a imaxe ou o contido das obras presentadas por



calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Décima. Xurado

A selección das propostas para formar parte da mostra Novos Valores 2020, e das catro bolsas, cada unha por un importe de sete mil cincocentos (7.500,00) euros brutos, para que autoras e autores amplíen os seus estudos artísticos realizarase segundo a proposta dun xurado, nomeado por Resolución Presidencial, que estará composto por:

Presidente: o Vicepresidente ou deputado-a en quen delegue.

Vogais: cinco persoas de recoñecido prestixio e o Director do Museo de Pontevedra

Secretario: o titular da Deputación ou funcionaria-o en quen delegue.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningunha das obras presentadas ao certame reúne os méritos suficientes para ser premiada. As súas decisións serán inapelables.

Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Todos os membros do xurado terán voz e voto.

Os membros do xurado percibirán as indemnizacións, que legalmente puidesen corresponderlles con cargo á aplicación orzamentaria 20/330.3340.481.01 do vixente Orzamento provincial.

A composición do xurado farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

Décimo primeira. Concesión das bolsas

A resolución derivada da decisión do xurado para a concesión das catro bolsas farase pública no BOPPO, e nas páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) e do Museo de Pontevedra (www.museo.depo.gal).

A concesión da bolsa será obxecto dun convenio entre a persoa adxudicataria e a Deputación de Pontevedra no que se concretará o seu emprego e o prazo, que non será superior a un ano, para materializar a proposta.

Aboarase o 50 % do importe no momento de asinar o convenio. Para elo as e os gañadores deberán achegar certificación do número de conta bancaria na que se ingresará o importe de cada bolsa.



Transcorridos seis (6) meses da concesión da bolsa remitirase un avance da memoria xustificativa que amose os progresos realizados ata o momento, segundo o modelo normalizado (Anexo II) dispoñible na ficha do procedemento na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

A presentación do devandito documento realizarase preferiblemente por medios electrónicos anexando ao modelo “instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O restante 50 % aboarase tras a entrega dunha obra orixinal asinada e a aprobación da memoria xustificativa do traballo e do investimento realizado. A obra entregarase no Museo de Pontevedra, que emitirá acta de recepción da mesma. Esta se incluírá como documento anexo á memoria xustificativa que se entregará por vía electrónica de acordo co sistema antes sinalado.

De acordo co establecido na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto da renda das persoas físicas, ás bolsas outorgadas aplicaráselles a retención correspondente.

Décimo segunda. Obras premiadas

As obras premiadas quedarán en posesión da Deputación de Pontevedra, que poderá levar a cabo as accións que considere oportunas encamiñadas á súa difusión, e sempre fará constar a autoría.

A Deputación de Pontevedra, a través do Museo de Pontevedra, compromete tamén, como complemento e culminación deste certame dentro do ano seguinte ao da aprobación da memoria citada, a programar unha exposición con obras das catro persoas premiadas.

A Deputación, por outra parte, se reserva a opción de promover posteriormente a exhibición destas obras noutros lugares da provincia, comprometéndose, se así fose, a lles comunicar esta decisión con antelación ás e aos artistas seleccionados.

Décimo terceira. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación.

En todo o non previsto nestas bases o xurado queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten, interpretar as bases e adoptar os acordos que se estimen necesarios. As súas decisións serán inapelables.



Décimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Pontevedra, na data da sinatura dixital.